

## O CONSELLO INFORMA:

### CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

Infórmamosvos das novidades e melloras que atoparán na Oficina Virtual da Axencia Tributaria de Galicia (OVT), coa que o consello da Avogacía Galega mantén un convenio de colaboración.

#### - OVT-Pago mediante Bizum

Desde abril de 2023, a cidadanía xa pode pagar os seus impostos, taxas ou ingresos xestionados pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), a través da plataforma Bizum. Con esta forma de pago, aberta tanto a particulares como a empresas, ampliáanse os canais xa dispoñibles para facilitar o cumprimento das obrigacións tributarias á cidadanía, evitar desprazamentos e permitir o aforro de tempo nos trámites. O pago coa Plataforma Bizum pode realizarse a través da pasarela de pago da Oficina Virtual Tributaria da ATRIGA, con todas as entidades bancarias que dispoñan de Bizum para comercios. Esta modalidade de pago conta cos seguintes límites, sen prexuízo dos que cada entidade bancaria estableza para os seus clientes:

1.500€ por operación

2.500€ por persoa e día

9.000€ por persoa e mes.

Non poderán realizarse pagos inferiores a 1€.

#### - OVT-Acceso a determinados servizos da OVT mediante Chave365

Desde xuño de 2023 habilitouse a Chave365 como unha nova modalidade de acceso á OVtributaria para que as persoas usuarias poidan identificarse co seu NIF e clave persoal, sen necesidade de usar certificados dixitais nin DNI electrónico. Esta modalidade de acceso permite a súa autenticación desde “O Meu Espazo”, onde poderá acceder aos servizos directamente sen ter que volver a introducir as credenciais, ou desde as fichas dos servizos habilitados. Por agora, os servizos que incorporan a posibilidade de autenticarse con Chave365 son:



- Pago de Taxas/Prezos
- Pago de Multas/Sancións
- Consulta e pago de débedas notificadas en voluntaria
- Pago de débedas (con xustificante)
- Certificados de débedas e patrimonio

O pago autenticado con Chave365 só se permitirá con tarxeta ou Bizum. Este método de identificación non está habilitado, por agora, para a presentación de modelos de autoliquidación.

---

### - OVT-modificacións relacionadas coa Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas 2024

Conforme á Lei de medidas fiscais 2024, no marco do imposto de transmisións patrimoniais, e para devengos desde 1.01.2024, aplicáronse modificacións nas seguintes claves/conceptos do modelo 600, debido á baixada do tipo xeral de transmisións patrimoniais, que pasou do 9% ao 8%:

- TP0: Transmisión e dereitos reais sobre bens inmobles urbanos: vivendas de protección oficial
- TR0: Transmisión e dereitos reais sobre bens inmobles rústicos: secano
- TR1: Transmisión e dereitos reais sobre bens inmobles urbanos: regadío
- TR2: Transmisión e dereitos reais sobre bens inmobles rústicos: outros inmobles rústicos
- TR3: Transmisión e dereitos reais sobre bens e mobles rústicos: expediente de dominio, actas de notoriedade, actas complementarios e certificados de dominio
- TS0: Transmisión de inmobles rústicos e urbanos en poxa xudicial, administrativa ou notarial
- TU0: Transmisión e dereitos reais sobre bens inmobles urbanos: solares
- TU1: Transmisión e dereitos reais sobre bens inmobles urbanos: vivendas
- TU2: Transmisión e dereitos reais sobre bens inmobles urbanos: locais e outras edificacións
- TU3: Transmisión e dereitos reais sobre bens inmobles: expedientes de notoriedade, actas complementarios e certificados de dominio
- TV0: Transmisións de valores art. 314 Lei Mercado de Valores

Ademais, creáronse novas claves:

- TM4: Transmisión de bicicletas e vehículos de mobilidade persoal; tipo de gravame = 0%
- TM5: Transmisión de remolques sen matrícula; tipo de gravame = 3%
- TUF: Adquisición inmoble para inmediata rehabilitación; tipo de gravame = 6%
- TUG: Adquisición inmoble para inmediata rehabilitación en zonas pouco poboadas ou áreas rurais; tipo de gravame = 4%.



Así mesmo, esta lei tamén implicou cambios no imposto de Transmisións de medios de transporte usado (vehículos) modelo 620:

- Baixar o tipo de gravame do imposto ao 3% para todos os vehículos terrestres e vehículos especiais con devengo desde o 1.01.2024, agás nos casos que corresponda unha cota fixa.
- Engadir unha casilla “Etiqueta ambiental 0 emisións” para os subtipos: Turismo e similares, Moto eléctrica, Autocaravana, Quad, Furgoneta (vehículo mixto adaptable) pertencentes aos vehículos terrestres. Permitirá reducir o gravame ao 0% sempre que o vehículo estea clasificado no Rexistro de Vehículos coa categoría ambiental 0 emisións. Nese caso, é necesario presentar o correspondente distintivo ambiental aprobado pola Dirección Xeral de Tráfico, a través do servizo PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA, no caso de presentación telemática, ou, co resto de documentación complementaria no momento da presentación presencial.

---

#### - OFICINAS-Supresión das Zonas de Recadación de Ourense, A Coruña e Lugo

A recadación en vía executiva xestionada polas Zonas de Recadación de Ourense, A Coruña e Lugo, actualmente leva a cabo polos Departamentos de Recadación das Delegacións de Ourense, A Coruña e Lugo, respectivamente.

---

#### - PÁXINA WEB-Programa de Educación Cívico-Tributaria nos centros educativos

Créase un novo apartado na páxina web dedicado á Pedagogía tributaria, que ten por obxecto fomentar a conciencia fiscal entre a cidadanía máis nova e transmitir valores e actitudes favorables á responsabilidade fiscal. Máis información: <https://www.atriga.gal/a-axencia-tributaria-de-galicia/pedagogia-tributaria>

---

#### - PÁXINA WEB- Novo canal de denuncias tributarias

Novo servizo de denuncias tributarias, a través do cal, calquera persoa pode comunicarlle á Atriga feitos e situacións que poidan ser constitutivos de infraccións tributarias ou ter trascendencia para a aplicación dos tributos, de forma fácil e anónima.

Máis información: <https://www.atriga.gal/a-axencia-tributaria-de-galicia/servizos/denuncia-publica-tributaria>

